

POEMAS DE SUSO DÍAZ PARA A ASOCIACIÓN DE ESCRITORES EN LINGUA GALEGA

Á memoria de Xosé Neira Vilas

Eu tamén son un ninguén.

Non comín pantrigo
e xa perdín os dentes
da memoria labrega.

Eu tamén son un ninguén.

Ando polas quenllas espindo pasos
onde atoparme, onde atopar
cantos sen ruído.

Eu tamén son un ninguén.

Vou dando tombos pola vida
sen decatarme que choro coma un cativo
as feridas dun tempo sen sorrisos.

Eu tamén son un ninguén.

Ollo espellos nos que non me reflexo,
nos que te procuro e non me atopo,
e non te atopo.

Eu tamén son un ninguén.

A ROSALÍA DE CASTRO

Verba que abrolla
nos cantares cantados
coma folla nova.

Arela na fisura
permanente do pobo.

Rosalía, morfoloxía no lusco fusco
do avelaiño ouvear.

Rosalía, utopía nos abrentes figurados
en soños de Breogán.

Rosalía, porfía sen canto
na memoria perenne do berce.

Rosalía, ousadía na noite dos silencios,
semente de pretéritos
abertos coas bágoas da soidade
onde abrollan as cores do vernal.

Rosalía, largacía...

A Celso Emilio Ferreiro

Erguelo mundo
nun verso, Celso Emilio.
Lareira acesa.

Ollos de luz na noite,
alento do país.

Embelgar a terra coa sonoridade
das verbas que transitan no ar
recollendo o sentir ceibe, labrego,
dun tempo que se multiplica ao lonxe
á procura de abrollar na rocha
onde medra a semente mariña.
Os xemidos zoan nos curutos da noite,
canto irto, viaxeiro,
co que empreña a terra, e nós.

A Isaac Díaz Pardo

Nos teus ollos medrou Galicia
coa cobiza do labrego
coñecedor da terra que sementa.

Os eidos de grama son agora
vizosos vieiros de esperanza,
identidade irrenunciábel da matria
que resiste ergueita.

Seguen vixiantes as lúas
na noite que agarda espertar
dun sono asolagador.

Na memoria fica a semente,
e no chan medran azos de galeguidade,
recoleita perenne, abondosa.

A Luís Soto

Fica na xeira
a pegada labrega
dun pobo novo.

Ronsel aberto no ar.
Azos de Luís Soto.

Vieiro Podentes!
Vieiro da fala!
Vieiro da terra!
Vieiro de liberdade!

Buscalque, leira de verbas
noutro tempo agarimada polo Limia.

Vieiros fuxidíos!

Nada é maniño no abreite primaveral que agarda.
Os desexos son raizames
dun tempo que virá
coa suma dos que ergueron o facho
que alumea a estrela do triunfo.

Vieiros de gloria!

Todo nas pálpebras é soño.

Verbas que espertan curiosidade,
mans que esculcan as engurras do vento.
Cada detalle é un sorriso
e as bágoas son de enteiro lamento.

Todo nas pálpebras é soño.

A vida é unha ilusión sen tempo
e a morte un horizonte inabarcable.
A felicidade é un estado que se perde
coa irreal realidade da inocencia.

Todo nas pálpebras é soño.

Nunca fun a París.

Sei da súa beleza cantada,
idealizada...

Das súas noites bohemias
e das súas rúas con fadas...

Nunca fun a París.

Nada sei dos seus cheiros
das horas que se visten de ollares
nin das que se ispen a media luz
nas quenllas do desexo.
Tampouco sei dos pasos desencontrados
que se atopan nun abrazo
na fría quentura de ferro,
-corazón inverso-
que latexa ceo aberto.

Nunca fun a París.

Sei que todo o sangue é vermello,
que as bágoas salgan os beizos quebrados
e que tódalas mortes son inútiles.
Só a vida se amosa nun sorriso.

Pechemos o mundo para nós.
Fagamos da noite un camiño de estrelas
ardendo irremediablemente
para amosar a beleza da escuridade
na que habitamos.
Deixémonos levar pola gravidade
que provocan os ollares no firmamento,
sinfonía de verbas
á procura das nosas bocas feridas
polos silencios da pasión.

Nada é inalterable aos sentimientos.
A vida é un impulso necesario
de desexos inalcanzables
e metas que se alonxan.

Ti: o sol que alumea
nos decrepitos días,
onde a sen razón
é a razón
para seguir ergueito.

Imaxinarte é tan doloroso.

Non acadar o teu sorriso, supón
unha penitencia desproporcionada.

Vístome de bágoas que se derreten
na infinitude do desexo,
e o senso é un cabalo desbocado
procurando acougo.

Agardo o inverno arrefeza os latexos
que emerxen da terra espida,
mentres, o lume alampea con forza
na lareira onde me acubillo.

Quero atoparte na oleaxe
que provocan os silencios
nos que habitamos.

A comida rápida.
Os desexos hipotecados.
As amizades virtuales.
As horas mortas.
O ar que abafa.
Os ollares perdidos.
As obrigas perennes.
Os polvos que non botamos.
As grazas esquecidas.
A envexa como deporte.
O lume sen lareira.
As viaxes á desmemoria.
O sexo arrefecido.
Os feitos irreales.
O pan sen mofo.
As compañías mercadas.
Os soños desnaturalizados.
O amor enlatado.
As ganas que che teño.
Procurarse é non atoparse.
Todo atado e ben enlatado.
O baleiro, é un Estado.
U-lo a vida?

Fico detido na lareira de vidro.
Agardo polos bicos que derretan o xeo transparente
que nos afasta o ollar certo, verdadeiro,
co que se sente o pálpito
e debuxa as cores en cada latexo.

Fico detido na lareira de vidro.
Agardo a chegada da noite que alumee
os desexos arrefecidos,
as bágoas que xa non vertemos.

Fico detido na lareira de vidro,
e non me recoñezo.

HAIKUs e un TANKA

Ábrete en min.
Cúbreme de mornura
nas irtas noites.

Bendito outono
que arrincas o caduco...
Fica o perenne.

Gardo nos bicos
que xamais che darei
a alma ferida.

Abrial fundido,
descuberto de flores.
Vadía arela.

Fun diluído
pola necesidade
inalcanzable.

Lémbrote area
agardando pola onda
que te derreta.

Fun lareira, amor.
Vento cobizoso que ardeu
en ti pensando.

Espreme todo
o que flúa gozando.
Déixate amar.

Para que existimos?
As respostas non falan
de ti, nin de min.

Neste bocaño
apagado de bágoas,
en ti navego.

Co vento fúcheste
agarimando ollares
descoñecidos.

Poeta es ti, amor!
Verso dos meus latexos.
Fenda que sandas.
En ti, sen ti, derrétome,
constrúo ledas metáforas.